

Ferramentas de autodiagnóstico.

O [Marco Europeo para Organizaci3ns Educativas Dixitalmente Competentes](#), a trav3s das tres dimensi3ns en que organiza os **elementos clave: a pedag3xica, a tecnol3xica e a organizativa**, permítenos levar a cabo unha an3lise interna para coñecer o punto de partida dos nosos centros educativos.

Para iniciar un proceso de mellora faise necesario identificar a situaci3n de partida. No caso do Plan Dixital utilizamos como elementos para a recollida de datos a plataforma SELFIE e o testCDD, de competencia dixital docente.




SELFIE,

Trátase dunha ferramenta on-line creada pola Comisi3n Europea para axudar aos centros educativos a reflexionar sobre o uso dos medios e metodoloxías ligadas ás TIC. As persoas participantes, segundo as recomendaci3ns de participaci3n, deber3n valorar unha serie de cuesti3ns adaptadas ao seu perfil (equipo directivo, profesorado, alumnado)

O informe SELFIE aportará informaci3n sobre diferentes áreas agrupadas en dúas dimensi3ns:


- Dimensi3n **organizativa**:
 - Liderado.
 - Colaboraci3n e redes.
 - Desenvolvemento profesional continuo.
 - Infraestrutura e equipamento.
- Dimensi3n **pedag3xica**:
 - Pedagogía: Apoio e recursos.
 - Pedagogía: Implementaci3n na aula.
 - Pr3cticas de avaliaci3n.
 - Competencia dixital do alumnado.



SELFIE permite adaptar os cuestionarios, engadir preguntas opcionais ou crear preguntas propias relacionadas coas necesidades específicas do centro educativo.

Non debemos esquecer que SELFIE recolle opinións das persoas participantes.

Os resultados da aplicación de SELFIE preséntanse como un informe en formato PDF e como gráficos interactivos na plataforma.



TestCDD. Competencia Dixital Docente.

O test CDD é unha adaptación aos centros educativos galegos do SELFIE for Teachers, unha ferramenta de diagnose do profesorado en relación a súa competencia dixital.

Está implementado en fprofe.

Unha vez rematado o cuestionario, a plataforma ofrece un informe con recomendacións para mellorar a competencia dixital.

A partires do documento de resultados grupal o centro pode obter información para a elaboración do Plan Dixital.

